

## Bases da promoción “SINTE O WELTANSCHAUUNG”

### 1) OBXECTO

A Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo FECIMO, desenvolverán **do 01 de abril de 2026 ao 30 de abril de 2026** ambos inclusive, a promoción “**SINTE O WELTANSCHAUUNG**” (de aquí en diante **CAMPAÑA**).

Esta campaña pretende transmitir aos consumidores un atractivo promocional que incentive a realización das compras nos establecementos asociados adheridos á federación, ofrecendo a posibilidade de acadar premios.

### 2) ÁMBITO DA PROMOCIÓN

Esta promoción terá o seu ámbito nos establecementos comerciais e demais empresas integradas na Federación a través das súas asociacións locais, que decidan voluntariamente participar na mesma (sempre e cando os mesmos atópanse abertos ao público e en normal funcionamento durante o período indicado). Un establecemento que non esté adherido á Federación non poderá entregar os códigos da promoción nin canxear os cheques de compra.

As bases estarán publicadas e dispoñibles nas páxinas web [www.fecimo.es](http://www.fecimo.es) e [www.comerciodomorrazo.com](http://www.comerciodomorrazo.com).

### 3) PREMIOS

Durante o transcurso da campaña repartiranse premios en **TARJETAS REGALO DO COMERCIO LOCAL**.

Os premios en tarxetas regalo para mercar nos establecementos adheridos á Federación, por un importe total bruto antes de retencións/ingresos a conta será de **900€**, repartidos da seguinte forma:

**PREMIOS DIRECTOS CAMPAÑA**

**9 PREMIOS DE 100€ .....Total 900€**

#### 4) DEREITO A PARTICIPAR E ACCESO Á PROMOCIÓN

A campaña trátase dunha promoción dirixida aos clientes-consumidores, maiores de idade, das empresas asociadas adheridas á ORGANIZACIÓN. Pode participar calquera persoa física que realizara algunha compra ou servizo no comercio ou empresa asociada participante durante o período de vixencia da promoción (**do 1 de abril de 2026 ao 30 de abril de 2026**).

A cada cliente por cada compra superior a 10€ entregaráselle unha tarxeta cun código alfanumérico único impreso, válida para un só uso, que o consumidor poderá validar calquera día da semana, as 24 horas do día e **ata ás 23:59 do 30 de abril de 2026** a través da web: [www.comerciodomorrazo.com](http://www.comerciodomorrazo.com). Chegado ese momento, rematará a posibilidade de que os participantes continúen validando códigos.

O establecemento participante poderá entregar ata **un máximo de 3 códigos por unha única compra (independentemente do importe)**, ao seu criterio.

**Aquelas persoas que non conten con medios técnicos ao seu alcance, poderán acudir á sede das Asociacións integrantes da ORGANIZACIÓN para validar os seus códigos.**

Para participar os usuarios deberán introducir os datos do código único da súa tarxeta.

De seguido, deberán rexistrarse con datos:

**NOME**

**APELIDOS**

**TELÉFONO**

**DATA DE NACEMENTO (campo opcional)**

**E-MAIL**

**LOCALIDADE DE RESIDENCIA**

Unha vez cumprimentados os campos requeridos de xeito correcto, o sistema informará automaticamente se o participante resultou premiado cun dos PREMIOS DIRECTOS ou non.

Na promoción entra en xogo o rexistro da persoa, polo que cantos máis códigos se rexistren máis posibilidades terá a persoa de resultar premiada.

Os gañadores serán publicados nas páxinas web [www.fecimo.es](http://www.fecimo.es) e [www.comerciodomorrazo.com](http://www.comerciodomorrazo.com) e serán conectados polo promotor dacordo cos datos e rexistro. É imprescindible gardar o CÓDIGO posto que solitaráselle, se resulta premiado.

Cada cliente poderá participar tantas veces como códigos obteña mediante a compra ou contratación de servizos, aumentando deste xeito a súas probabilidades de resultar agraciada cun premio.

A presente promoción farase con ingualdade de oportunidades e con estrito respecto ás normas básicas da boa fe. Por elo, calquera utilización abusiva ou fraudulenta destas bases dará lugar á conseguinte exclusión do participante na promoción.

Todos os datos introducidos polo participante deberán ser veraces. No suposto de que o participante rexistrárase con datos falsos ou utilizara de xeito inadecuado tecnoloxía informática para acadar obxectivos fraudulentos, non se terá en conta e quedará excluído da promoción e da posibilidade de optar a premio algún.

A constatación de calquera destas circunstancias suporá a descalificación automática do participante. No caso de constatar as citadas irregularidades con posterioridade á aceptación do premio, A ORGANIZACIÓN, resérvase o dereito a exercer todas as accións legais que lle asistan contra os infractores.

## 5) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓNS DE PREMIOS

A adxudicación dos **premios** farase nun sorteo **final**. O sistema, extraerá **ALEATORIAMENTE**, un rexistro (boleto de participación) da base de datos. A continuación o sistema repartirá aleatoriamente **9 premios** ate que o orzamento de premios sexa 0€, é dicir, se acaden os **900€ en premios** entre as 3 localidades.

## 6) ENTREGA E ACEPTACIÓN DE PREMIOS

Para a entrega dos **PREMIOS**, unha vez o sistema detecte que o participante obtivo un premio, automáticamente enviaráselle unha mensaxe por e-mail (ao enderezo de e-mail facilitado no rexistro) acreditándoo como premiado/a. No prazo de **10 días hábiles** o premiado deberá confirmar a aceptación do premio indetificándose ante FECIMO séndolle requirido nese momento a presentación do boleto de participación co fin de comprobar a veracidade dos datos introducidos no rexistro. No suposto de que o gañador non aceptara o premio nas condicións e prazos establecidos ou non puidera ser localizado mediante os datos facilitados o premio quedará deserto e acumularase para o seguinte sorteo en vigor.

Os gañadores/as de calquera dos premios deberán gastalos nos establecementos adheridos á **ORGANIZACIÓN**, nun prazo de **1 MES dende a obtención do premio**.

## 7) OUTRAS CONDICIÓNS DOS PREMIOS

- En calquera dos casos, os premiados deberán entregar a tarxeta co código premiado, nos prazos establecidos previamente para a identificación do premiado. Únicamente será decisión de FECIMO, non requirilo, no caso de que outras circunstancias de clara evidencia, acrediten a condición de premiado.
- FECIMO resérvase o dereito a non aceptar tarxetas de códigos ilexibles, manipulados, falsos ou con calquera defecto ou anomalía que impidan o seu recoñecemento ou validez de participación nesta promoción
- O período de reclamación ao promotor finaliza en 7 días hábiles transcorridos dende a comunicación ao ganador.
- As persoas gañadoras deberán facerse unha fotografía no momento da recollida do premio para acreditar a entrega do mesmo. O incumprimento desta norma causará a renuncia do premio por parte da persoa gañadora.

## 8) LIMITACIÓNS PARA PARTICIPAR

A **ORGANIZACIÓN** resérvase o dereito, se concorre causa xusta e previa comunicación de xeito legal, a efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta promoción. A simple participación implica a aceptación destas bases na súa totalidade, polo que a manifestación, no sentido da non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia, a **ORGANIZACIÓN** quedará liberada do cumprimento da obriga contraída con dito participante.

Así mesmo, os participantes comprométese a admitir a decisión interpretativa que a **ORGANIZACIÓN** poida darlle sobre as presentes bases ou sobre calquera cuestión derivada da promoción contemplada nestas.

**Prohíbese a participación de titulares de negocios, empregados/as, cónxuxe, nin familiar de 1º grao descendente ou ascendente (fillos/país) do establecemento onde fora asignada a tarxeta de código.**

**Polo tanto a persoa gañadora de calquera dos premios non poderá ser o propietario/titular/socio, os seus empregados, cónxuxe, nin familiar de 1º grao descendente ou ascendente do establecemento onde fora entregada a tarxeta de código.**

Dada a imposibilidade material por parte de **ORGANIZACIÓN** de identificar as persoas mencionadas anteriormente, de resultar calquera delas agraciadas e de coñecerse tal circunstancia, excluírase como premiado quedando dito premio deserto.

Así mesmo, se a persoa que figura no boleto gañador fose un menor, poderá representalo os seus pais ou titor legal.

## 9) EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADES

- A **ORGANIZACIÓN** non se responsabiliza do uso que do premio realice o agraciado e non será responsable dos servizos nin produtos que terceiras empresas deban prestar con motivo do premio da promoción.
- A **ORGANIZACIÓN** non será responsable por danos e prexuízos de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade das redes de telecomunicacións ou a web ou o microsite mediante o cal participa na promoción.
- A **ORGANIZACIÓN** non será responsable se ao tratar de contactar co teléfono ganador ou o seu correo electrónico están fora de servizo ou non reciben axeitadamente.

## 10) DEREITOS E DEBERES DE PARTICIPANTES E GAÑADORES

FECIMO non se fará cargo dos impostos derivados da entrega dos premios, salvo aqueles que por lei correspóndelle satisfacer, e, no seu caso, practicará o ingreso a conta ou a retención que poida corresponderlle en virtude da lexislación aplicable.

- a) De conformidade coa normativa do IRPF os premios desta promoción estarán suxeitos á normativa fiscal en vigor en cada momento, actualmente a Lei 35/2006, de 28 de novembro do IRPF, modificada pola lei 26/2014 de 27 de novembro, o Real Decreto 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do IRPF, o Real decreto 2004/2009 de 23 de decembro e o Real Decreto 9/2015 que modifica o anterior.

Neste marco legal, establécese que os premios derivados da participación en xogos, concursos, rifas, ou combinacións ao azar vencelladas á venda e promoción de bens e servizos están suxeitos ao ingreso a conta sempre e cando a base de retención ou ingreso á conta do premio sexa superior a 300€.

- b) Con independencia do establecido no punto anterior, o premiado queda obrigado ao cumprimento das súas obrigas contables e fiscais. En concreto, e como suxeito beneficiario do premio deberá declarar e incorporar na súa base impenible xeral do seu IRPF, a valoración nea do premio.
- c) FECIMO queda relevado de calquera responsabilidade relativa ás obrigas fiscais que para o agraciado pudieran derivarse da obtención do premio.

## **TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A ORGANIZACIÓN repecta a lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a privacidade dos usuarios e o secreto e seguridade dos datos persoais, de conformidade co establecido na lexislación aplicable en materia de protección de datos, en concreto, a Lei (LOPDGDD), adoptando para iso as medidas técnicas e organizativas necesarias para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos datos persoais facilitados, tendo en conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos e os riscos aos que están expostos.

En concreto, infórmase os usuarios do portal que os seus datos de carácter persoal só poderán obterse para o seu tratamento cando sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e as finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para as que se obtiveron.

A ORGANIZACIÓN informa de que os datos proporcionados por calquera medio polos participantes da promoción na web [www.comerciodomorrazo.com](http://www.comerciodomorrazo.com) serán incorporados a un ficheiro automatizado responsabilidade da entidade, coa finalidade de xestionar o seu acceso e participación na presente promoción.

Os participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Establécese como punto de contacto para os interesados o seguinte correo electrónico [fecimo@fecimo.es](mailto:fecimo@fecimo.es). Así mesmo, establécese como punto de contacto presencial para os interesados o seguinte domicilio, Avda de Vigo nº91-baixo, 36910 Cangas (Pontevedra).

A ORGANIZACIÓN adoptará as medidas técnicas organizativas necesarias para garantir a seguridade e integridade dos datos, así como para evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

## **CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE**

Os gañadores nesta promoción autorizan a que se tomen fotografías e se graven imáxenes en soporte audiovisual así como a súa reprodución, uso e difusión do seu nome, apelidos e imaxen en calquera actividade publicitaria e/ou promocional relacionada coa promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración económica ou en especie ou beneficio algún.

A cesión inclúe os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública de grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio exclusivamente relacionados con este certame, sen restricción algunha, no seu estado orixinal ou procesadas e alteradas de calquera xeito, en todo ou en parte, en calquera medio visual, impreso ou electrónico presente ou que se poida desenvolver no futuro como serían entre outros, exposicións, revistas, libros, diarios, televisión, valores publicitarios, folletos, puntos de venda, CD Rom ou DVD, sitios de internet ou similares, con calquera obxecto lícito o que inclúe, entre outros, publicidade, promoción, contido editorial e anuncios.

## **11) ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación na presente promoción supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a **ORGANIZACIÓN**. Para verificar esta aceptación ao participante solicitarase a aceptación

expresa no momento de validación de códigos. No caso de diverxencia entre os participantes na promoción e a interpretación das presentes bases pola **ORGANIZACIÓN** serán competentes para coñecer dos litixios que poidan plantexarse os Xulgados e Tribunais de Cangas do Morrazo, renunciando expresamente os participantes desta promoción ao seu propio fuero de resultar distinto ao aquí pactado.

**En cangas, a 30 de marzo de 2026**

